



PROXECTO DE BIBLIOTECA ESCOLAR

"DENDE A BIBLIOTECA QUEREMOS...EMOCION-ARTE"



PLAN DE MELLORA DE BIBLIOTECAS ESCOLARES CEIP "PEDRO ANTONIO CERVIÑO"



CEIP PEDRO ANTONIO CERVIÑO

CURSO : 2015-2016



ÍNDICE DE CONTIDOS

1. ANEXO I: Solicitude de participación no programa de mellora de bibliotecas	3
2. ANEXO II: Análise da situación da biblioteca do centro.....	4
3. Memoria de actividades levadas a cabo no centro en relación coa organización da biblioteca escolar, o fomento da lectura e outras nos últimos cursos (2013-2015)	5
4. Proxecto de biblioteca escolar para o curso 2015-2016	10
5. ANEXO V: Certificado profesorado responsable da biblioteca escolar	26
6. ANEXO VI: Certificados de aprobación no Claustro e no Consello Escolar	27
7. ANEXO VII: Análise detallada de accións levadas a cabo na biblioteca.....	28
8. ANEXO VIII: IMAXES DAS DIFERENTES ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS NOS ÚLTIMOS DOUS CURSOS.....	32



1. SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA DE MELLORA DE BIBLIOTECAS.

ANEXO I: Solicitud de participación no programa de mellora de bibliotecas

(2 páxinas) Modelo DOG.



2. ANÁLISE DA SITUACIÓN DA BIBLIOTECA DO CENTRO.

ANEXO II: Análise da situación da biblioteca do centro
(1 páxina) Modelo DOG.



3. MEMORIA DE ACTIVIDADES LEVADAS A CABO NO CENTRO EN RELACIÓN COA ORGANIZACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR, O FOMENTO DA LECTURA E OUTRAS NOS ÚLTIMOS CURSOS (2013-2015).

a) Datos previos:

A biblioteca escolar do noso centro, leva funcionando varios cursos, pero, foi, a partir do ano 2009 cando se fixo unha reorganización de espazos no centro e, se destinou un espazo concreto do centro a tal fin. En este período (que abarca os anos de 2009 a 2012) desenvolvéronse accións tales como: preparación/habilitación do espazo, compra de materiais bibliográficos, adquisición de mobiliario e instalación do PROGRAMA MEIGA.

Nos cursos seguintes, e concretamente ata o ano 2010 reorganizouse e optimizouse a función da biblioteca así como do equipo de dinamización da mesma, establecéronse horarios de uso, formación do profesorado para empregar o programa de empréstitos e realización de actividades de motivación á lectura de xeito progresivo, como a “ Hora de ler”, actividades de animación á lectura, obradoiros etc. Dentro de estas actuacións, destácase a consolidación da figura de “ Dora Lectora”, mascota que preside a vida da biblioteca no noso centro educativo, quen, propuxo un concurso para “ renovar a súa imaxe e cambiar de look” entre todo o alumnado, facendo a súa “aparición pública” no mes de xuño de 2012 con un acto de presentación entre todo o alumnado e profesorado.

Pódense ver imaxes ó respecto na páxina web do noso centro educativo así como no anexo VII de este documento.

b) Memoria de actividades dende os anos 2013 a 2015.

A partir do curso 2013-2014 ata a actualidade, continuamos optimizando a biblioteca escolar a través de diversas actuacións e actividades. A biblioteca ten “vida propia” no centro e é un recurso empregado por todos os niveis e aulas. Destacamos, extraídos da Programación Xeral Anual, da memoria do equipo de biblioteca algunhas actividades/actuacións levadas a cabo, das que se poden visualizar o seu



desenvolvemento no BLOG DA BIBLIOTECA do centro educativo. As actuacións xiran en torno a estes eidos:

- ✚ Establecemento de horarios para o desenvolvemento de actividades da biblioteca escolar. Neste ámbito, o profesorado pertencente ó equipo de dinamización da biblioteca conta con horas asignadas a tal fin, con unha serie de obxectivos entre os que destaca: expurga de tomos e volumes danados, organización e disposición de espazos, catalogación, organización, e posta en marcha de actividades de fomento da lectura, como por exemplo: Organización da Semana do Libro, Semana dos Contos de Medo, Letras galegas, etc.
- ✚ Dotación por parte do Equipo Directivo do centro educativo, co consentimento do Consello Escolar de unha asignación económica anual para a actualización de fondos bibliográficos, priorizando en base a este pequeno presuposto a adquisición de novos volumes, tendo en conta as necesidades presentes no centro. Esta dotación é escasa e non cobre as actuais demandas da nosa biblioteca sobre todo porque somos un centro pequeno que conta tamén con un presuposto reducido.
- ✚ Criterios para realización de empréstitos, tendo en conta unha pequena **formación de usuarios**, dirixido ó profesorado e, nestes momentos a algúns alumnos de 5º e 6º, de cara a facer, cada titor o préstamo ó alumnado de aula. Por outra banda, e contando coa apertura diaria da biblioteca da escola durante os patios, todo o profesorado “rota” por este espazo, facendo o proceso de préstamo ó alumnado. A maiores, cada aula conta con unha hora reservada no horario escolar de cara a empregar a biblioteca, coller libros, etc. De tódolos xeitos procúrase que a biblioteca sexa un espazo dinámico no centro, empregado en calquera momento do día co fin de fomentar as competencias clave.



No vindeiro curso estamos interesados en solicitar un Plan de Formación Permanente do Profesorado de cara a mellorar as nosas competencias en materia de bibliotecas.

- ✚ Publicación de propostas lectoras, itinerarios e difusión da actividade da biblioteca de “ DORA LECTORA” a través de varios recursos: paneis informativos nos andares da escola, recanto de novidades, páxina web e blog da biblioteca, etc.
- ✚ Actuacións de apoio a proxectos e programas na escola, como por exemplo a participación nos proxectos anuais de centro: “A prehistoria” con un produto final de PORTAS ABERTAS no centro, derivado de un PFPP que transcurriu no curso escolar 2013-2014, e na actualidade no proxecto sobre diversos pintores e arte que levamos a cabo e que terá como produto final recrear as obras de éstos nun muro do colexio. A biblioteca participa dotando de recursos, creando “stands” de bibliografía, asesorando a mestres e alumnado, etc. En este ámbito destacamos a importancia da competencia de aprender a aprender e competencia dixital e lingüística que dende a biblioteca estamos a difundir convertendo o espazo da biblioteca en espazo de recursos para mestres, alumnos e familias.
- ✚ Proposta de numerosas actividades vinculadas con fomento da lectura , proxecto lector e plan anual de lectura. Entre eles destacamos algúns como poderían ser durante o discorrer destes últimos cursos:
 - Apadriñamentos lectores entre o alumnado do centro educativo.
 - Celebración do “ Día de Rosalía” con unha homenaxe de todo o centro á autora integrando tamén compoñentes plásticos e visuais: Kamishibai, escenificacións, canto...



- A creación de un “ poema de poemas” colaborativo (feito en retazos por todas as aulas), en honor ó autor homenaxeado nas letras galegas, como foi Xosé María Díaz Castro.
 - Certame literario de contos de terror, na celebración do día de Sanmaín e polo Magosto, centrándonos en lendas, feitizos, etc.
 - Videocontos realizados no 2º e 6º curso para a conmemoración do Día do Libro “ Blancavalla” e “ Pilú Pilú”.
 - Participación no “ Salón do Libro” de Pontevedra, coa temática “ Ciencia – ficción”. Todas as aulas traballaron vida e obra de Xulio Verne.
- ✚ Por último faremos reseña a unha proposta que estamos a levar a cabo nos últimos meses, baseada na “ aprendizaxe por servizos” integrando tarefas da biblioteca nas aulas e tamén saíndo ó entorno próximo, facendo que a lectura saia fóra da escola. Entre estas actuacións destacamos:
- “ Lecturas na Carballeira” para a conmemoración da “ Semana do Libro”, onde os nenos e nenas saíron a compartir lecturas coas persoas da vila na carballeira que esta preto do centro implicando á Biblioteca Municipal e ó Concello, e obtendo unha gran repercusión en prensa e en radio con unha entrevistas ós nosos pequenas e pequenas.
 - “ Compartindo lecturas”. Posteriormente ás persoas do Concello, pais, familiares e xentes de Campo Lameiro ofrecéronse para virnos a ler á escola, diversos xéneros literarios.
 - “Apadriñamento de vellos libros da escola” entre as persoas da aldea, que, elixiron volumes para levar ás súas casas, coa condición de “ lelos e coidalos”.
 - “ Regalamos poemas” no día das Letras Galegas ós veciños do Concello feitos polas aulas nun taller de poesía galega levado a cabo na escola.



4. PROXECTO DE BIBLIOTECA ESCOLAR PARA O CURSO 2014-2015

1. TÍTULO DO PROXECTO:

“Dende a biblioteca queremos EMOCION-ARTE”

2. XUSTIFICACIÓN. O noso proxecto baséase no modelo de Biblioteca Escolar (B.E.) que se pretende na **Lei Orgánica de Educación**, LOE, trala recente modificación feita nesta pola **Lei 8/2013 de 9 decembro** concretamente no seu *artigo 113* adicado ás bibliotecas escolares e aos decretos sobre o currículo concretamente o decreto 105/2014 de 4 de setembro que desenvolve o currículo na etapa de EP . Tamén temos como referente as Instrucións de 1 de setembro sobre Bibliotecas Escolares, enviada ós centros dende a Consellería de cara a concretar actuacións comúns en materia de lectura. Extráese de estes documentos legislativos a grandes rasgos a seguinte premisa: O sistema educativo debe contribuír a crear lectores competentes, a promover actitudes reflexivas e críticas, ante os distintos medios de transmisión e difusión da cultura, e a despertar interese pola lectura. Pretendemos, polo tanto, introducir a B.E. como elemento fundamental para o desenvolvemento do Proxecto Lector de Centro, o desenvolvemento de actividades concretadas no Plan Anual de Lectura que intenten despertar no alumnado o desexo de ler, e determinen en grande medida as actitudes do alumnado de cara os libros e a lectura. Por outra banda, o alumnado debe dispoñer das estratexias necesarias para ser capaz de aprender por si mesmo, polo que a recollida, selección, procesamento e recuperación da información, teñen unha importancia vital no desenvolvemento das competencias clave propostas na LOE-LOMCE. O presente proxecto, en definitiva, xorde pola necesidade da mellora da nosa biblioteca de cara a optimizala, dotala de recursos e dar resposta as necesidades que neste centro se plantexan en materia de lectura, escritura, difusión da información, creatividade, fomento de intelixencias múltiples e convivencia na escola de cara a un modelo de biblioteca dinámico, e funcional tal como



establece a lexislación anteriormente citada. A idea do proxecto “ EMOCION-ARTE” pretende traballar a arte literaria, a través de poesías, novelas, contos, retazos, literatura clásica con adaptacións... Como produto final quixeramos poñer en escena as emocións que nos transmite a literatura en todos os seus ámbitos e a través dos seus textos. Todo isto intercalado con diversas actuacións que a continuación acompañamos na descrición deste proxecto.

3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DE PARTIDA DA BIBLIOTECA E O SEU CONTEXTO.

A partir dos datos establecidos no apartado 3 do presente proxecto onde acompañamos un varrido de actuacións, atopámonos nestes intres no CEIP “ Pedro Antonio Cerviño” con unha biblioteca onde, presidindo o espazo, contamos coa mascota DORA LECTORA, que, se dirixe ó alumnado con diversas propostas, e que serve de canle comunicativa coas aulas. A biblioteca ten gran relevancia na vida escolar, e a totalidade do profesorado participa en propostas que o equipo encargado da mesma dinamiza e o alumnado participa notablemente en todas elas. Nos últimos tempos estamos a facer partícipes ás familias e tamén á comunidade (establecementos do entorno, biblioteca do Concello, etc.) con diversas propostas que están a ter moita acollida. O noso contexto é óptimo de cara á realización de estas dinámicas. **No anexo VII de este documento pódese observar con detalle o análise da situación de partida para a elaboración do presente proxecto.**

4. ANÁLISE DAS NECESIDADES DE RENOVACIÓN E ACTUALIZACIÓN DOS FONDOS DOCUMENTAIS, E EQUIPAMENTO DA BIBLIOTECA.

As principais necesidades da nosa B.E. concréntanse en:

- Necesidade de ampliar fondo bibliográfico de lecturas para todos o niveis e en diversos estilos literarios así como adquirir obras e volumes divulgativos, informacionais, así como material documental a nivel xeral en todos os niveis.



- Necesidade de materiais dixitais, como vídeos, documentais, películas, revistas dixitais, prensa, música en diversos formatos etc.
- Necesidade de mellorar o espazo, adquirindo mobiliario (asentos, estanterías, expositores, taboleiros...) que faga da biblioteca un lugar funcional e axeitado á súa finalidade. Isto inclúe pintar, poñer algún punto máis de calor, renovar alfombras...
- Necesidade de contar con recursos para o alumnado: ordenador, impresora, radio con auriculares, grabadora, PDI, cos que actualmente non contamos.
- Necesidade de mellorar as bibliotecas de aula, xa que fai moito tempo que non se renovan e son un importante nexo entre as aulas e a biblioteca da escola e externas.
- Por último, necesidade de mellorar a nosa formación como equipo de cara a ampliar miras profesionais e de actuación na escola a través da biblioteca escolar.

5. OBXECTIVOS. Partimos dun **obxectivo prioritario** que é o de “**transformar a biblioteca escolar nun centro de recursos, de dinamización da información e de fomento da lectura.** Este obxectivo concrétase en outros máis específicos como son:

Obxectivos específicos por ámbitos que pretendemos a través deste proxecto:

BIBLIOTECA:

- Continuar dándolle “vida á biblioteca”, potenciándoa como un lugar atractivo, ameno e dinámico como fonte de lecer, diversión e consulta
- Mellorar e organizar as instalacións, o equipamento e os recursos de información e documentación procurando que sexan facilmente accesibles e utilizables por todos os usuarios optimizando as súas posibilidades.



- Difundir e facilitar o acceso aos recursos propios e aos dispoñibles noutras B.E., bibliotecas públicas da localidade de Campo Lameiro, bibliotecas virtuais, outras bibliotecas inmersas no MEIGA, etc..

ALUMNADO:

- Promover maiormente actividades nas que se motive para a lectura como é a visita de escritores e ilustradores, contacontos, grupos de animación á lectura, familias, persoas do entorno próximo (lendas, oficios...)
- Fomentar a participación do alumnado en actividades lectoras tanto fóra como dentro da escola: apadriñamentos lectores, clubs literarios, certames e concursos, salóns do libro, formación de nenos contadores de contos, etc.
- Familiarizar aos alumnos/as co funcionamento e organización dunha biblioteca desenvolvendo pequenas accións na mesma.
- Elaborar documentación propia como dossiers, power point de difusión, produtos de relevancia social a través de tarefas e proxectos favorecendo a súa difusión a través de blogs de aula e bibliotecas.

PROFESORADO:

- Empregar os recursos da biblioteca para apoio ao programa de ensino-aprendizaxe..
- Fomentar a formación permanente do profesorado que constitúe o equipo de biblioteca así como dos restantes membros do claustro en materia de emprego da biblioteca como recursos, para a busca, análise e tratamento da información e mellora nas habilidades lectoras do alumnado.

COMUNIDADE EDUCATIVA:

- Continuar potenciando e incentivando actividades que impliquen a toda a comunidade educativa: alumnado, profesorado, familias, establecementos do entorno, asociacións, centros de maiores, garderías, concello, bibliotecas do concello..



- Proporcionar un servizo de préstamo de libros a toda a comunidade escolar.

6. TIPO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO. A continuación e baseándonos nos epígrafes de ese apartado establecemos unha serie de propostas de mellora a partir da análise da nosa situación de partida (ANEXO VII)

A) O espazo. A B.E. do centro está situada na planta alta do edificio, o final do corredor sendo de fácil acceso para o alumnado. A distribución espacial por zonas permite que se poidan levar a cabo os distintos tipos de actividades, tanto de fomento da lectura como de consulta e busca de información utilizando as diversas fontes impresas e dixitais. Faise notoria a necesidade de mobiliario para dissociar volumes de información e divulgación, dos que por certo, contamos con un número moi reducido, así como enciclopedias.

B) A organización. O equipo de dinamización da biblioteca escolar está formado por 7 mestres/as e coordinado por un deles que é a responsable de biblioteca. Contamos con un horario que logo describiremos. Neste tempo, os membros do equipo encárganse de coordinar todo o funcionamento da biblioteca, de adquirir novos materiais, de organizalos, catalogalos e rexistralos. Tamén propoñen e organizan actividades de animación a lectura e de investigación para desenvolver ao longo do curso, dentro da biblioteca.. Este curso temos xa creada a comisión de biblioteca no Consello Escolar co obxectivo de optimizar a biblioteca da escola tendo en conta as súas funcións, sobre todo as referidas á actualización de fondos, e vinculación con actuacións da lectura e biblioteca no entorno.

Organización de fondos bibliográficos. Para cumprir con esta premisa, seguimos o seguinte proceso: rexistro, selado dos exemplares, catalogación, clasificación, introdución de datos no programa MEIGA e colocación. Este é un aspecto a mellorar, dado que, a clasificación dos fondos debe ser realizada de acordo co sistema de clasificación internacional e catalogación dos fondos das bibliotecas. Tamén se lles coloca un distintivo a cada volume, segundo a idade e nivel educativo para o que máis se axustaría.



b) Préstamos. O alumnado da escola conta con un nº de rexistro de identificación persoal a través do programa MEIGA. Para o próximo curso promoveremos o carné de usuarios e familias así como as MALETAS DE LIBROS VIAXEIROS. A maiores quixeramos que o alumnado de 3º ciclo comezase a levar a cabo os préstamos entre o alumnado baixo a supervisión do equipo de dinamización. Continuaremos incentivando o uso da BIBLIOMÓBIL con libros que van rotando polas aulas nos momentos de lectura.

C) Horario:

APERTURA DA BIBLIOTECA	LUNS A VENRES	MAÑÁS: 9:00 – 14:00h
------------------------------	---------------	----------------------

Polas mañás a biblioteca está atendida polo profesorado que conforma o equipo de biblioteca e todo o profesorado acode co seu grupo en horas asignadas a tal fin a facer préstamos, ler, buscar información etc. Os membros do claustro manexan o programa MEIGA. No recreo sempre hai una persoa atendendo a biblioteca para facer préstamos, que o alumnado acuda a biblioteca a ler, facer algunha tarefa, propostas feitas para animación lectora ou propostas que poidan ir xurdindo. Tamén pode xurdir a necesidade de busca de información en calquera momento nas clases polo que o espazo está dispoñible así como os recursos cos que contamos. A nosa é unha biblioteca funcional, e aberta á escola e as situacións que xurdan día a día. Este curso potenciarase a apertura da biblioteca de centro polas tardes.

D) Normas de funcionamento. Faise unha difusión das normas de funcionamento na porta da biblioteca así como nos taboleiros distribuídos polos corredores que tamén teñen información interesante das distintas actividades e proxectos. Farase unha renovación das normas nas aulas con dípticos, power point, campaña de información a usuarios, etc.

E) Ambientación. É un dos aspectos onde seguiremos a incidir dende a nosa biblioteca, creando un espazo atractivo, motivador, que de pé á distensión, á fantasía e tamén á



creatividade con recursos postos a disposición do alumnado. Este ámbito leva presidindo a nosa labor na biblioteca escolar.

F) Mascota. Adquire relevancia na escola xa que ela foi a que “enganchou” ó alumnado e tamén profesorado en cursos previos cando fixemos remodelación da biblioteca escolar. DORA LECTORA propón actividades, é curiosa e quere que os nenos investiguen, failles preguntas, ponos en situación de busca de información e debemos continuar nesta liña motivadora para os rapaces e rapazas da escola. Imos facer a súa na biblioteca do concello, nas casas e quizais tamén en outras escolas (**presentación de mascotas, correspondencia intermascotas de bibliotecas escolares...**)

g) Documentación. A biblioteca está presente en diversos documentos de centro entre os que destacamos: o PE, onde as intencións do centro educativo teñen como finalidade formar persoas críticas e responsables coa información que reciben, na Concreción Curricular, directamente vinculada co desenvolvemento das COMPETENCIAS CLAVE, destacando entre elas, habilidades propias da COMPETENCIA LINGÜÍSTICA , COMPETENCIA DIXITAL, e APRENDER A APRENDER. No PROXECTO LECTOR e PLAN ANUAL DE LECTURA, dado que, a biblioteca así como o seu equipo de dinamización debe contribuír con accións a desenvolver aspectos presentes nos mesmos tales como a busca de información, a lectura, a composición escrita e o tratamento da información.

7.ACTUACIÓNS POR TRIMESTRES. Tal e como aparece recollida na orde de convocatoria de solicitude, a continuación desenvolvemos por ámbitos propostos na mesma, as de actuacións por trimestres, que temos pensado levar a cabo dende a nosa biblioteca escolar.

a) Xestión teórica e organización

1º trimestre



- ❖ Constituír comisión de traballo de biblioteca, reorganizando funcións, horarios e tempos de dedicación. Isto será xestionado co apoio do equipo directivo.
- ❖ Elaboración de carnés de biblioteca para o novo alumnado, profesorado e familias.
- ❖ Seleccionar un incentivo/reforzador positivo para aqueles nenos e nenas que máis len, xa que estes serán os mais “DORA-DOS LECTORES”.
- ❖ Elaborar dípticos de “ IDEAS PARA COMPARTIR LECTURAS” na casa xunto coas recomendacións e itinerarios de libros para curso escolar. Publicación do díptico tamén na páxina web do colexio e boletíns.
- ❖ Realizar selección de materiais para a “ MALETA DOS LIBROS VIAXEIROS” que poidan satisfacer os intereses de toda a familia, se poida disfrutar de distintos tipos de materiais e que á súa vez compartan con nós tamén libros dos seus gustos nun intercambio casa-escola”
- ❖ Instaurar novamente a “ Hora de ler” na escola .
- ❖ Actualización do blog da biblioteca escolar, con datos, propostas e actividades de estes primeiro trimestre.

2º trimestre

- ❖ Recollida de intereses e propostas entre alumnado, profesorado e familias; elaboración de listado de necesidades e carencias en canto a fondos documentais e literarios. Adquisición de novos fondos. Elaborar díptico coas recomendacións de libros para o 2º trimestre.

3º trimestre

- ❖ Elaborar díptico de recomendacións para o 3º trimestre e animación lectora para o tempo de vacacións.
- ❖ **CÓMO IMOS? Avaliación do proxecto e propostas de mellora** de cara ao seguinte curso académico coa análise de solicitudes e demandas por parte do



profesorado e familias ó respecto. Empregaremos un “ BUZÓN DE SUXERENCIAS” a tal fin.

- b) Dinamización.** A formación de usuarios da biblioteca escolar debe ser proposta a todos os sectores da comunidade educativa.

b.1) Formación de usuarios

1º trimestre

- ❖ Formar ao alumnado dos últimos cursos (preferentemente 5º e 6º) no funcionamento do Programa Meiga así como na xestión de préstamos.

2º trimestre e 3º trimestre

Continuar con esta formación e establecer “ COMISIÓNS DE EMPRÉSTITO” entre os alumnos que se encarguen coa supervisión do equipo de atender a alumnado e tamén ofrecer propostas na organización da biblioteca escolar.

b.2 Educación para o acceso á información (tratamento da información e competencia dixital). Coa educación documental abarcamos aspectos propios da COMPETENCIA DIXITAL E DE APRENDER A APRENDER.

1º trimestre:

- ❖ O equipo de Biblioteca propondrá un tema para levar a cabo un Proxecto de investigación Xeral en todo Centro. O propio título deste plan que presentamos “ EMOCIÓN-ARTE” será o título de este proxecto, onde o que se pretende dende a biblioteca é que, cada nivel traballe a arte a través da literatura e os distintos xéneros literarios, achegándonos ó teatro, ós clásicos, ó cine, á música, a autores, épocas literarias...O noso interese radica en crear nenos e nenas lectores e produtores de textos, que amen a lectura que sintan interese por transmitir e comunicar e tamén EMOCIONARSE e sentir a través dos libros



2º trimestre e 3º trimestre:

- ❖ Continuaremos co proceso de investigación e de actividades programadas no Proxecto Xeral de Centro. As conmemoracións poderán estar engarzadas con outros proxectos de centro como se ven realizando ata o de agora nos anteriores cursos (A PREHISTORIA, E A PINTURA). O produto final de todo isto, será unha “ OBRA DE OBRAS” de todos os nenos e nenas do colexio, con relevancia social, posta en escena no entorno do Concello.

- Fomento da lectura.

1º trimestre

- ❖ Posta en práctica da “ MALETA DOS LIBROS VIAXEIROS”
- ❖ Organización de diversos actos e actividades para a celebración do Día Internacional da Biblioteca, “ apadriñamentos lectores” e a “ bitácora lectora” nos distintos niveis. Organizar os talleres de “EMOCIÓN-ARTE SEN MEDO” para celebración do Samaín na escola en colaboración co equipo de dinamización da lingua galega.
- ❖ Formar a nenos e nenas contadores de contos e historias.

2º trimestre

- ❖ Selección de obras/autores centrándonos neste trimestre maioritariamente na poesía, rimas, ditos, cancións populares, cantautores a través de “POEM-ARTE” na biblioteca. Regalaremos poesía feita por nós e faremos un XARDÍN POÉTICO na escola.
- ❖ En marzo celebraremos o Día da Poesía, con un certame literario e diversas actividades por niveis e con unha escolma de obras poéticas para que o alumnado as poida coñecer e valorar. Creación na B. do Recanto da Poesía onde todos os



alumnos poderán incorporar e expoñer os seus traballos. As familias acodirán ó centro a ler e compoñer POEMA-ARTE” nun taller conxunto cos seus fillos/as.

- ❖ Participación no Salón do Libro de Pontevedra coa temática proposta.

3º trimestre

- ❖ Comezaremos a facer chegar ó alumnado recursos de interés para introducir o “DRAMATIZAR-TE” de cara a darlle forma ó produto final da escola.
- ❖ Celebraremos a semana da prensa e semana do libro con diversas actividades periodísticas e de investigación así como de difusión da lectura non só na escola senón no entorno con lectura ao aire libre, apadriñamento na lectura, concurso de libro favoritos, lectura compartida, elaboración de marcapáxinas e cartelería varia, “rastrillo solidario de libros”. Conmemoración da semana das Letras Galegas con diversas actividades relacionadas co autor/a.. Ademais realizarase na biblioteca exposición das obras do autor. Acto de conmemoración escolar con homenaxe a autores galegos/as. Colaboración na elaboración da revista escolar “ O CERVO”.
- ❖ Posta en escena da obra plantexada no proxecto inicial no entorno do centro para ser compartida con familiares, veciños, etc. Suporá a colaboración/integración de toda a comunidade educativa.

Ao longo do curso escolar concretamente na “ Hora de ler” imos realizar diversas actividades de animación e fomento da lectura que impliquen ás distintas áreas, e entre as que podemos sinalar as seguintes:

- ❖ Taller de oferta e demanda: Onde cada neno/a ofertará libros que ten e pedirá/demandará aqueles que lle gustaría leer favorecendo así unha REDE de intercambios lectores na escola.
- ❖ Banco do tempo lector: Onde nenos e nenas se ofrezan para leerlles a outros en diversos momentos da xornada (por exemplo cando rematan unha tarefa poden acodir




a outro grupo ler un conto, distendir o ritmo de aula, etc.) previa organización co profesorado.

❖ Tertulias literarias: Co alumnado de 5º e 6º curso para intercambiar expresións, opinións literarias....

❖ Lecturas compartidas e cooperativas empregando técnicas cooperativas: Conto xiratorio, contos ao centro, contos a catro bandas, novos finais para vellos contos, etc...

- Apoio ao desenvolvemento do proxecto lector de Centro. O Proxecto lector de centro así como a súa concreción a través dos plans anuais de lectura serán unha liña prioritaria de actuación na escola dada e a importancia e o recoñecemento da lectura como ferramenta básica e transversal na aprendizaxe e formación integral do noso alumnado, así como principal vía de acceso ao coñecemento e cultura. Por esta razón imos recuperar a “ HORA DE LER” no horario escolar atendendo ás propostas lexislativas que así o reiteran nestes intres. Así, ó longo do curso teremos varias accións das citadas anteriormente que se enmarcarán nesta hora asignada a ler e que pretende o desenvolvemento dos seguintes obxectivos concretos:





- **Apoio a outros programas e proxectos de aula/centro.** A Biblioteca xogará un papel fundamental no desenvolvemento dos Proxectos aportando todos os recursos documentais (gráficos e multimedia) necesarios para a súa elaboración

Dende a Biblioteca ao longo do curso realizase unha selección e exposición de materiais relacionados coas distintas festividades e conmemoracións que se celebran no centro.

- referidos ao 1º trimestre: Samaín/Halloween, Magosto, Nadal, Dereitos Humanos...
- 2º trimestre: Día da paz, Muller Traballadora (8 marzo), Entroido...
- 3º trimestre: Maíos, Letras Galegas...

Todo o profesorado e alumnado solicita documentación os membros do equipo que é posta a disposición dos mesmos. O proxecto EMOCION-ARTE que preside este documento, será unha proposta para o curso que ven, pero, de haber outros, tanto a nivel de aula como de centro continuaremos aportando todos os recursos dos que dispoñemos.

- **Apoio ao estudo ou outras actividades dende a biblioteca, para a compensación das desigualdades sociais.** A biblioteca deberá estar aberta ó público en horario de tardes á semana en horario de 16:00 a 17:00 de forma que o alumnado e familias poidan acceder a ela como recurso formativo, de investigación, lecer e lectura libre así como para desenvolver técnicas de estudo. A finalidade de Maleta dos LIBROS VIAXEIROS, ademais de promover o fomento da lectura en familia, tamén ven a ser a mesma, a de compensar esas desigualdades sociais por canto terá achegas ás mesmas.
- **Accións para a integración da cultura impresa/ cultura dixital.** Entre as actuacións ó longo dos trimestres contempladas neste apartado destacamos:
 - Uso do blog da biblioteca escolar sendo tamén o alumnado participante no mesmo.



- Uso de proxeccións para ver curtas de animación, exposicións feitas polos nenos, videocontos producidos na escola, pequenos documentais, etc.
- Elaboración de materiais dixitais de interés: guías lectoras, libros dixitais, LIM, webquest.... Produtos finais de traballos en aula (videocontos, conferencias...)
- **Difusión de recursos dispoñibles na biblioteca.** Empregaremos diferentes medios ó longo de todo o curso con actuacións que xa fomos mencionando ó longo deste proxecto.
- O BLOG DE DORA LECTORA: O equipo de biblioteca manterá actualizado o Blog con actividades levadas a cabo, novidades, concursos, recopilatorio de recurso, videocontos e actividades levadas a cabo.)
 - Os taboleiros de anuncios da Biblioteca ónde aparecerán actividades propostas, concursos....
 - Guías de Lectura, con recomendacións para o alumnado e/ou o profesorado. Poñendo especial atención nos temas transversais.
 - Exposicións temáticas: exposicións de libros (outono, contos de medo, Nadal, paz, primavera...). Novidades nos stands adicados a tal fin nos expositores e a través da BIBLIOMÓVIL que recorrerá o centro na HORA DE LER.

8. HORARIO PREVISTO. A biblioteca permanecerá aberta todo o horario lectivo, de 9 a 14 horas, para todo o profesorado e alumnado..O horario de préstamo é fundamentalmente no tempo de recreo e durante as horas asignadas ás titorías. Cando na biblioteca hai membros do equipo, os alumnos/as tamén poden acudir a facer préstamos previa información. O horario de tarde é unha proposta a debater no Claustro e Consello Escolar nestes intres.A responsable de biblioteca contará con horas destinadas ás labores relacionadas coa Biblioteca.(Con un mínimo de 4). Os integrantes do equipo de B. dedicarán 2 horas semanais cada un. Todo o equipo reunirse os martes coa periodicidade



que se considere necesaria atendendo ás demandas do centro. A maiores contemplamos a solicitude de un PFPP de formación en materia de bibliotecas polo que serán adicadas horas de formación a este elemento tan importante na vida escolar.

9. CRITERIOS PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN. A avaliación deberá abordar o impacto que tivo o traballo dende a biblioteca respecto a usuarios e diversos elementos presentes ó longo de este plan. A avaliación será a ferramenta máis válida e completa coa que contemos de cara a asegurar as nosas intencións e logros. Servirá como punto de partida para futuros proxectos.

- ✓ Modificáronse e melloráronse os distintos aspectos da biblioteca : mobiliario, equipamento e recursos, con un aumento e diversidade de fondos.
- ✓ Existiu un adecuado desenvolvemento do programa de actividades de animación á lectura e melloras do hábito lector producidas no alumnado.
- ✓ Houbo un suficiente nivel de formación de usuarios e capacidade de alumnos e profesores para localizar e utilizar os documentos da biblioteca e dos recursos informáticos e Internet.
- ✓ Empregouse a biblioteca como centro de recursos do colexio para a documentación no proceso de aprendizaxe.
- ✓ Conseguiuse un uso fluído e aplicación das novas tecnoloxías da información, no proceso de ensinanza-aprendizaxe.
- ✓ Conseguiuse unha participación e uso da biblioteca por parte de toda a comunidade Educativa.
- ✓ Dinamizouse o Blog de Biblioteca como un medio de difusión ideal para toda a Comunidade Educativa.

Para o seguimento e mellora continua da biblioteca, temos previsto as seguintes accións:

- “ BUZÓN DE SUXERENCIAS” dos usuarios.



- Farase unha avaliación trimestral das suxestións recollidas en distintos órganos e equipos (Claustro, niveis, CCP, Consello Escolar...)incluíndoas e considerándoas nas accións da biblioteca.
- Sistema de rexistro de actividades trimestral. Este sistema de rexistro incluírá a lo menos os seguintes datos e indicadores: Incorporación de novos materiais e catalogacións, préstamos realizados, consultas feitas, actividades realizadas e participación, avaliación económica, valoracións varias do equipo e do Claustro e Consello Escolar.

TEMPORALIZACIÓN: Partimos de unha avaliación da nosa biblioteca, recollida nun anexo que acompañamos a este proxecto, por falta de espazo e a partir de ela elaboramos o noso proxecto “ EMOCIÓN-ARTE”. A avaliación terá un carácter **continuo** baseada na observación directa, nas propostas da comunidade educativa e na análise de datos trimestralmente. A final de curso levarase a cabo unha Avaliación Final integrada na MEMORIA FINAL DA BIBLIOTECA e na PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL así como a que se nos demanda dende a orde de convocatoria do PLAMB neste curso escolar.

O resultado desta, o grado de cumprimento de obxectivos, e intencións servirá de guía para a programación do seguinte curso facendo un uso reflexivo e de análise de situación a partir desta memoria.

CONCLUSIÓN: Para rematar este proxecto que aquí plantexamos dende o centro, con moita ilusión e ganas, gustaríanos achegar unha das múltiples frases que, penduradas nas paredes da nosa biblioteca, serven de reflexión para a achega á lectura de nenos e maiores:

“De los diversos instrumentos inventados por el hombre, el más asombroso es el libro; todos los demás son extensiones de su cuerpo... Sólo el libro es una extensión de la imaginación y la memoria”.

Jorge Luis Borges



5. ANEXO V: Profesorado responsable da biblioteca escolar.

ANEXO V: Certificado do profesorado responsable da biblioteca escolar para o curso 2015-2016 segundo orde de convocatoria.



6. ANEXO VI: CERTIFICADOS DE PARTICIPACIÓN DO CLAUSTRO E CONSELLO ESCOLAR

ANEXO VI: Certificado de acordo do Consello Escolar e Claustro para a participación na solicitude do PLAMB para o curso 2015-2016 segundo orde de convocatoria.



7. ANEXO VII.

ANÁLISE DETALLADA DE ACCIÓNS LEVADAS A CABO NA BIBLIOTECA. Punto de partida.

Neste anexo, gustaríanos facer unha achega ó noso punto de partida, dende o ano 2009 en que trala reorganización de espazos, na escola, fíxose unha importante labor de posta en marcha de unha biblioteca na nosa escola. Así, habilitouse un antigo laboratorio escolar en desuso como lugar de ubicación, o centro adquiriu mobiliario e dotou de unha partida económica para a compra de materiais novos.

Nestes momentos contamos con un espazo de fácil acceso para o alumnado, cos libros distribuídos por categorías, con estantes móbiles que nos permiten modificar o espazo en función das necesidades e actividades que se leven a cabo no mesmo. A continuación distribuímos por apartados, datos de interese:

DISTRIBUCIÓN DE ESPAZOS A biblioteca ten unha superficie aproximada de 50 m².

O espazo distribúese nas seguintes zonas ou ambientes:

- ❖ Unha zona para os “ pequenos lectores”(que corresponden con infantil, 1º e 2º curso) diferenciando zona de lectura en 2 pequenas mesas, sillas e sofás, con un chan de cortiza (que está en moi mal estado) onde o alumnado pode sentarse de forma informal para a lectura relaxada.
- ❖ Outra zona para o alumnado maior, con mesas apropiadas para o traballo persoal e en grupo
- ❖ O espazo para proxeccións que conta con canón pero non lousa dixital o que fai que, teñamos que mover estantes e moveis cando queremos empregar estes recursos.

E importante citar o arduo traballo das persoas integrantes do equipo á hora de habilitar o espazo da biblioteca dado que, se trataba de un antigo laboratorio escolar polo que, con



moi escasos medios, forramos paredes, acondicionamos recunchos, tentamos aillar da humidade, adquirimos estores de cor cálida, coa intención de facer un espazo agradable para o alumnado.

MOBILIARIO O grupo de persoas que configuramos o equipo de dinamización da biblioteca, procuramos cos escasos recursos dos que dispoñemos ata o de agora, que a nosa biblioteca sexa cómoda e funcional, de xeito que a distribución do mobiliario permita a mobilidade dos usuarios e o acceso fácil aos libros e recursos. O mobiliario actual consta de: cinco mesas grandes todas elas con cadeiras arredor; unha serie de andeis altos distribuídos en unha paredes e estantes baixos de separación das zonas para os mais pequenos. Todos os mobles son abertos para facilitar o acceso ao material. Non contamos con expositores polo que, son os estantes os que serven para seleccionar lecturas interesantes e atraer a atención dos alumnos.

EQUIPOS INFORMÁTICOS: Contamos cun proxector fixo pero non con lousa dixital, facendo exposicións sobre a parede ou lenzo, e un único ordenador para facer os préstamos. A mellora nos recursos informáticos é un aspecto que precisamos abordar e que se torna nunha importante necesidade nestes intres tanto para o alumnado como para o profesorado. A biblioteca conta con conexións a internet a través de acceso wifi.

ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DE FONDOS: Na actualidade a biblioteca conta con ó redor de 2000 libros. A gran maioría son de literatura infantil, por este motivo tentamos incrementar os fondos informativos con unha inversión superior para este tipo de materiais. Precisamos incrementar os recursos para a busca de información tanto a nivel de materiais impresos como audiovisuais. Así como materiais chamativos e atraentes que esperten a curiosidade do alumnado menos receptivo a lectura.



De igual forma é imprescindible dotar á biblioteca de novos libros de literatura infantil actuais e motivadores así como libros de consulta, divulgativos, lectura para o terceiro ciclo, aumento de volumes de diversos xéneros literarios: cómic, poesía, teatro....

No último trimestre habilitamos un espazo informativo (revistas National Geographic...) con unha doazón que nos fixo unha familia de un alumno de centro e que tivo unha estupenda acollida.

Cabe resaltar que contamos con doazóns de algunhas persoas externas e internas ó centro educativo de varias coleccións que serviron para renovar as lecturas que ata o momento había, así como adquirimos algúns volumes novos a través de unha liquidación de unha editorial próxima.

HORARIO DE ATENCIÓN: A biblioteca está aberta durante todo o horario escolar, e os grupos, tanto a nivel de aula como de ciclo acoden cos respectivos titores/as ou especialistas, a realizar diversas actividades de formación de uso da biblioteca, de lectoescritura, dinamización lectora e investigación.

A maiores cada aula ten asignado unha hora no horario escolar para acudir a facer préstamos, e, a maiores, no horario de recreo esta permanece aberta de cara a que, os alumnos poidan atopar neste recurso unha opción de lecer, coller máis libros á semana, participar en propostas e colaborar co equipo de dinamización se hai algunha cuestión que na que poidan axudar. A maiores, a persoa coordinadora da biblioteca ten asignado horario para atención á mesma, así como os restantes integrantes de este equipo.

EQUIPO DE BIBLIOTECA: Seguindo as instrucións da orde de 17 de xullo de 2007, o equipo de dinamización da biblioteca conta con unha persoa coordinadora e integrantes do equipo, en este caso, complétase con 6 mestres máis do claustro de un total de 13 persoas que o compoñen. Inda que é un número importante, as horas para a realización de todas as actividades que se propoñen, en ocasións quédanse “ curtas” polo que unha das



funcións da persoa coordinadora é a de distribuír tempos e funcións de cara a optimizar os tempos. Esta distribución organízase en torno a eidos como: catalogación e mantemento do espazo, actualización da páxina web e taboleiros, articulación de diversas propostas de animación lectora, conmemoracións e nos últimos cursos, integración en proxectos de centro, dotando de recursos materiais ó alumnado e profesorado.

FORMACIÓN DE USUARIOS: Esta formación realizase a diferentes niveis:

a) a nivel de profesorado: Cunha formación inicial de todo o claustro para que todos coñeceran o seu funcionamento así como o manexo do programa MEIGA para que todos puidésemos facer préstamos. Está pendente de valoración a posibilidade de que, a través dun PLAN DE FORMACIÓN PERMANENTE DO PROFESORADO (convocatoria para o curso 2015-2016) instauremos como LIÑA PRIORITARIA un grupo de traballo/seminario no colexio de cara o vindeiro curso para a ampliación de coñecementos na xestión da biblioteca, organización da mesma, propostas de dinamización, contando con docencias e experiencias de profesionais especializados nas bibliotecas escolares. Isto serviríanos de actualización docente e para integrar novas propostas mellorando na nosa labor na biblioteca.

b) a nivel de alumnado: Por un lado levase a cabo unha formación do alumnado de 3º ciclo para que aprendan a xestionar os préstamos e para poder axudar e orientar aos máis pequenos no uso da biblioteca. Esta formación xa se comeza ao longo do 2º e 3º trimestre. E formación de todo o alumnado usuario da biblioteca.

c) a nivel de familias: Unha posible proposta sería a creación de algún club de lectura no que puidesen participar tamén as familias e que serviría como fomento desta destreza tamén no entorno familiar, cuestión que, no noso centro é moi necesaria. De este xeito integraríamos un pouca máis ás familias no proceso educativo, xa que deben considerarse protagonistas das mesmas. Por outra banda, podería servir para contribuír á



compensación de desigualdades sociais. Algunhas experiencias neste ámbito que xa realizamos no colexio, dándonos pé a pensar que, a biblioteca escolar pode ser un vínculo idóneo co entorno familiar de un xeito cálido e lúdico.

EDUCACIÓN DOCUMENTAL: Dende as titorías fundamentalmente e tamén dende as especialidades, na realización de pequenos proxectos, o alumnado precisa buscar información, para isto acude á biblioteca e debe coñecer onde atopar os datos e a información requirida. Isto precisa dunha formación específica. Por iso se levan a cabo previamente actividades tipo para a busca de información na biblioteca e tamén en Internet. O equipo da biblioteca ofrece recursos ó respecto, por exemplo neste curso con documentación sobre o proxecto de arte a nivel de centro que estamos a levar a cabo que tamén pertence a un PFPP instaurado entre o profesorado de cara a mellorar as competencias clave dos nosos alumnos.

FOMENTO DA LECTURA: Dende o equipo de biblioteca levase a cabo unha importante actuación e programación de actividades para o fomento e animación da lectura que abarca a tódolos niveis e etapas do Centro.

A difusión de toda a información relacionada coa biblioteca tales como: actividades de dinamización lectora, novidades, recomendacións, normas... realizarase mediante o Blog da Biblioteca e tamén a través das cartas da mascota DORA LECTORA, e taboleiros de anuncios ubicados en distintos puntos do centro escolar.

Cabe dicir que o noso Centro está situado nunha localidade onde existe unha biblioteca pública. Aínda que xa se veñen desenvolvendo actuacións (contacontos, intercambios lectores, emprego das instalacións, compartir materiais e recursos..) unha das propostas para o vindeiro curso será a de buscar unha maior coordinación entre ambas bibliotecas fomentando a realización de actividades conxuntas dado que, temos boa disposición e ubicación para seguir levándoo a cabo.



Citamos tamén a participación de un 90% das aulas do centro no “Salón do libro” de Pontevedra dende hai varios cursos, así como o desenvolvemento de numerosas actuacións en materia de animación lectora na escola, como citamos en apartados anteriores.

Dende o equipo de dinamización facemos propostas ó distintos niveis para a realización de ITINERARIOS LECTORES, facer lectura de clásicos, escoller obras de lectura grupal entre o alumnado, etc.

Por último é importante destacar que, nos últimos cursos e tendo en conta os resultados de avaliacións e probas, o equipo de dinamización da biblioteca colabora co Departamento de Orientación na atención á diversidade do alumnado, promovendo agrupamentos lectores, talleres literarios entre alumnos/as que están dando bos resultados.



8. ANEXO VIII: IMAXES DAS DIFERENTES ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS NOS ÚLTIMOS DOUS CURSOS.

A continuación recóllense algunhas imaxes tanto de actividades como do espazo da B.E do CEIP “ Pedro Antonio Cerviño”- Campo Lameiro.

Tamén está a disposición a nosa páxina web de centro:

<http://centros.edu.xunta.es/ceippedroantoniocervino/?q=node/313>


A DISTRIBUCIÓN DE ESPAZOS:





CARTEIS ANUNCIADORES DE ACTIVIDADES NA BIBLIO:







A NOSA BIBLIOMÓBIL:



ACTO DE PRESENTACIÓN “ CAMBIO DE LOOK “ DE DORA LECTORA:





CONTACONTOS NA ESCOLA:





CONMEMORACIÓN DO DÍA DO LIBRO:





HOMENAXE Á OBRA DE ROSALÍA DE CASTRO:





FAMILIARES E VECIÑOS DA ESCOLA QUE NOS VEÑEN LER Á BIBLIOTECA:





LECTURAS COMPARTIDAS ENTRE PAIS E FILLOS NA ESCOLA:



NÓS TAMÉN LLE LEMOS ÓS DEMAIS: “LECTURAS NA CARBALLEIRA DO CONCELLO”





APADRIÑAMENTO DE VELLAS LIBROS- APADRIÑAMENTO POLA XENTE DE CAMPO LAMEIRO.





CERTAME LITERARIO DE CONTOS DE TERROR:

DESEÑO DE PORTADAS:



LECTURA DE CONTOS TERRORÍFICOS:





APADRIÑAMENTOS LECTORES E BITÁCORA COOPERATIVA DE LECTURA:





EXEMPLO DE CARTA DA MASCOTA DORA ÓS RAPACES E RAPAZAS:

Campo Lameiro.....vésperas do SAMAIN.....

Meus pequerrechos e pequerrechas:
Como vai indo o curso?

Bueno, o primeiriño de todo e, contarvos que.....estou por aquí....eh???
Nooooonnnn vos esquencín....

O que acontece, e que estou arrumbándome inda, porque, veño de facer a última viaxe polas "escolas do mundo nas que tanto traballastedes o curso pasado. Perdín o avión de viaxe de volta, porque...AYYYY....iiii son un desastre cos horarios...perdoádesme verdade?

Pero, xa levo, uns diñas pola BIBLIO, seleccionando libros coas profes da biblioteca, organizando o traballo e preparando propositiñas... Acordádesvos do ben que o pasamos o curso pasado?

Pois ben....xa me imaxino que vístedes a selección de libriños medosos que temos no RECUNCHO DA BIBLIOTECA. Están ahí, xa sabedes, para disfrutalos, emprestalos, compartilos....

O martes, comezamos coa apertura da biblioteca os MARTES. Será a profe Rosana quen esté alí para atendervos, ok? Podedes comezar a facer empréstimos, e iranvos facendo propositiñas durante o curso escolar...acordádevos que a BIBLIO é vosa, só vosa....VIDE A DISFRUTALAIii

Bueno, e como xa vin que, estades co MEDO danzando por aí....que ven o SAMAÍN E O HALLOWEEN, pois....quero PEDIRRRRRRR.....JEJEJEE....si, xa sabedes que eu son pidichonaaaaa.....

Quen me trae algo para disfrazarme neste SAMAÍN na escola???? Porque non teño nadiña, extraviei a maleta no voo de volta....ayyy....que vergoña...iiii Os que me traiades algo, deixádesmo, na caixa que teño ós pes, no recuncho da biblio....

Logo as profes, xa me visten, que teñen moito xeito....iii

Ata pronto, meus queridos e queridas....iiii

Bicos con sabor a.....cabazas de cabelo de anxo




CARTEL ANUNCIADOR DO ACTO DAS LETRAS GALEGAS:

“ REGALAMOS POEMAS FEITOS NA ESCOLA”





REPERCUSIÓNS EN PRENSA ESCRITA E DIXITAL:





BIBLIOGRAFÍA E WEBGRAFÍA EMPREGADAS PARA O PLANTEAMENTO

DESTE PROXECTO:

- Decreto 105/2014 de 4 de setembro polo que se establece o currículo da etapa de primaria na CA de Galicia.
- Ley Orgánica 2/2006 de 3 de maio de Educación e o seu texto modificado pola Ley 8/2013 de 9 de decembro para a mellora da Calidade Educativa.
- INSTRUCCIÓNS de 1 de setembro de 2014, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos en relación coa organización e funcionamento das bibliotecas escolares, para o curso 2014/2015.
- <http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/>















